

Que facer coa cultura?



Marcos Pérez Pena

-
-  [Descarga aquí o documento \(.pdf\) da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural](#)
 -  [Manifesto *A cultura galega, a nosa angueira*](#)
-

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)), Asociación Galega de Editores ([AGE](#)) e Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil ([Gálix](#)) veñen de facer público o manifesto [A cultura galega, a nosa angueira](#), moi crítico coa xestión do Goberno galego en materia cultural. **No texto, que comeza citando os versos de Xosé María Díaz Castro para denunciar os "pasos atrás" experimentados pola cultura galega nos últimos tempos**, destácase que "hoxe, tantos anos despois daquelas iniciativas culturais que na década dos 70 do pasado século ergueron o facho para alumearen o camiño da recuperación cultural de Galiza, segue sendo a iniciativa popular asentada en asociacións, colectivos, estruturas profesionais e algunhas institucións conscientes, a que mantén viva a nosa cultura, moitas veces contra o vento e a marea institucional que, escusándose na crise, practican a destrución cultural de noso e, por tanto, da industria cultural, empobrecendo o noso país ao privalo dun dos medios de produción propios".

O texto sinala o incremento do IVE cultural ao 21% "que non sofren outras actividades de ocio, de cualidades formativas e educadoras ben cuestionadas, como os espectáculos futbolísticos ou taurinos", a eliminación do Día de Rosalía do Calendario do Libro e da Lectura, a situación do sector das artes escénicas, os recortes no sistema de bibliotecas públicas, e **"a redución da presenza da nosa lingua nas aulas, un elemento fulcral para o sostén da nosa cultura, mesmo por motivos económicos, se nestas escuras tebras en que vivimos haxa quen só entenda estes argumentos"**. Neste senso lembran que "a produción de libros, materiais didácticos e diferentes ofertas culturais en galego para acompañar a

docencia se traduciría en incremento do PIB, isto é, emprego e riqueza, que se multiplicaría tamén fóra do ámbito docente e dentro do corpus social".

O manifesto conclúe que o ano 2013 "confirmou unha praxe política de desmantelamento dos sectores culturais, tamén xeradores de fortaleza económica como industria cultural, o que, desde actitudes desafiante e provocadoras, se concretou na asfixia económica que pode levar á súa invisibilización e, na práctica, á súa ilegalización social". E péchase proclamando que "entendemos a cultura galega como tecido creador de cidadanía cohesionada con valores democráticos, depositaria e defensora da nosa identidade como pobo" e que **"seguiremos creando na lingua que falamos porque a nosa angueira é que a nosa lingua e a nosa cultura sexan plenamente normais e estean presentes en todos os lugares e en todos os tempos"**.

Pensamentos sobre: que facer coa cultura?

De igual xeito, a [Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural](#) está a promover un proceso participativo de debate, materializado nunha xeira de encontros con axentes da cultura galega, [arredor do documento *Pensamentos sobre: que facer coa cultura?*](#), presentado o pasado ano. O documento foi elaborado pola AGPXC coa intención **"de contribuír ao debido proceso de reflexión sobre a cultura que entendemos é preciso nestes momentos"** e busca ser compartido e debatido con máis colectivos e administracións públicas. A Asociación agrupa 61 xestores culturais privados, técnicos municipais e responsables de espazos culturais, tanto do eido público como do privado.

O primeiro encontro tivo lugar no centro Ágora da Coruña o pasado 6 de maio, e os responsables da AGPXC sinalan que "foi todo un éxito de participación, o que para nós indica que desde dentro do sector/mundo da cultura hai unha necesidade clara de xuntarse a falar para poñer en común estratexias que melloren o noso presente e enfoquen camiños futuros para a nosa cultura". **O martes que vén terá lugar na Galería Sargadelos de Compostela un novo encontro.**

O documento *Pensamentos sobre: que facer coa cultura?* **alertaba de que os recortes e o "desmantelamento" de redes e estruturas estaban poñendo en perigo "o dereito da cidadanía a acceder de xeito igualitario á diversidade cultural e ao coñecemento"**. O texto advirte tamén de que "as medidas curtopracistas que se están a tomar non solucionan os problemas estruturais da economía e da nosa sociedade". "Todo o contrario, están a acelerar a desaparición de estruturas, iniciativas e redes que si funcionan ou funcionaban e que será moi difícil volver a recuperar", sinalan.

O texto salienta así mesmo que **os recortes se realizan "en áreas esenciais para unha sociedade que pretenda ser sostible, solidaria e con opcións de futuro", en referencia aos servizos sociais, á sanidade e "aos tres alicerces da sociedade do coñecemento: a educación, a ciencia e a cultura"**. E máis aló da diminución nos orzamentos, denúnciase a "improvisación" na xestión das administracións, a "falta de análise das súas repercusións, ausencia de estratexias alternativas e en demasiadas ocasións, un abandono de funcións".

Sinala, ademais, que aínda que as institucións públicas teñen a obriga constitucional de promover e tutelar o acceso igualitario á cultura e o coñecemento, **"os axentes culturais debemos reflexionar tamén sobre os valores que hai detrás do noso traballo e o que lle achegamos á sociedade, co obxectivo de que a cultura recupere a súa función de motor social e económico"**.

No informe reivindicase que as políticas públicas "deben realizarse cunha planificación estratéxica a longo prazo e orientadas ás necesidades da sociedade e o territorio que ocupan". Tamén lembra que "debe escoitarse e facer partícipes das políticas públicas a profesionais, asociacións sectoriais e á cidadanía" e que "deben reorientarse os usos dos recursos non monetarios das administracións e abrir á sociedade a xestión de espazos públicos infrautilizados". Finalmente, **sublíñase que en tempos de reducións orzamentarias, "debe extremarse a transparencia orzamentaria e de contratacións, priorizando as convocatorias abertas e a esixencia de responsabilidade na xestión económica e social dos nosos recursos"**.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

Martes 5, Marzo 2013 | [Cultura](#)

[Alertan do "demantelamento" da cultura como "motor social e económico"](#)